

Prezados colegas, profesores e profesoras de Física.

Seguindo as recomendacións xerais da CiUG para a elaboración dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que guiarán a proba de avaliación de Bacharelato, na materia de Física, neste curso 2016-17, presentámosvos un documento de orientacións xerais, que esperamos vos serva para aclarar as dúbidas derivadas das circunstancias que todos e todas coñecedes.

Sendo conscientes da falta de tempo con que se afronta a preparación da proba para este curso, acordamos manter, na medida do posible, a mesma estrutura que había ata agora, pero respectando os criterios indicados na Orde ECD/1941/2016 de 22 de decembro.

E por iso que a estrutura formal da proba será similar a de anos anteriores, como poderedes consultar na páxina web do grupo de Física da CiUG (ciug.gal/grupos/fisica.php). Polo que respecta aos contidos, as variacións respecto de anos anteriores afectan unicamente ao cumprimento que demanda a Orde arriba indicada.

É intención deste Grupo de Traballo realizar as modificacións necesarias destas orientacións xerais para conseguir a mellor adaptación posible a actual lei de educación, e que serían de aplicación, de ser o caso, para as probas de anos sucesivos.

Un cordial saúdo.

O Grupo de Traballo de Física